Museo Leonardo Recouso Xoxardo

Leonardo Recouso Ramos natural de Ordes, naceu o 9 de outubro de 1950, viviu ata os trinta anos en A Coruña.

Aínda que se sentiu atraído dende a infancia polo debuxo, ata os 21 anos non recibiu instrución artística, sendo a Escola de Artes aplicadas de A Coruña o centro onde coñeceu os fundamentos do debuxo lineal e artístico, modelado en barro, talle en madeira e baleirado en escaiola. Posteriormente asistiu durante un ano a clases de pintura co novo artista coruñés Yun, falecido pouco despois.

- No ano 74 Xoxardo marchou a Madrid, onde viviu unha longa tempada de bohemia, realizando os máis variados traballos, debuxando e pintando para vender no "Rastro".
- No 76 regresou a Coruña e comezou unha serie de exposicións de debuxo e pintura nas máis importantes cidades galegas, Madrid e Zaragoza.
- No 79 ilustra con gravados o libro de poemas "El otro origen del mal", de Javier de Blas.
- No 80 casa con Mª José e instala o seu taller de traballo en Esteiro (Pontedeume). Debuxou para o semanario A Nosa terra, a revista de arte La Galga e os xornais El Ideal Gallego e La Voz de Galicia.
- No 85 obtivo o segundo premio de murais no certame convocado por Leyma e unha bolsa da Deputación Provincial de Coruña para estudar en Perú, durante tres meses, o cromatismo nas culturas precolombinas.
- Nos últimos anos estivo dedicado ao gravado en zinc, coa técnica da augaforte, que expuxo en varias cidades españolas.
- Xoxardo evolucionou dende o debuxo expresionistatenebrista dos anos 70 ata unha temática máis lírica, que resolve con xogos de liñas e volumes, en movementos, de clara tendencia surrealista.
- Da súa obra ocupáronse, entre outros, os críticos Mario Antolín, Fernando Mon, García-Lastra, Javier Blas, Antonio Esteban e López Castro.



Lonxe de ter un estilo clásico, na pintura de Xoxardo atopamos a caligrafía pictórica, feita con boa técnica e orixinalidade que nos trae, dentro dunha mensaxe humana, a posta en escena dunha temática desapiadada que desenmascara un mundo frío e inxusto. Pintura de denuncia, serena, sincera e ben plasmada pola idea do artista.

A súa arte pictórica, posuidora dun dominio total do debuxo, discorre polas sendas coñecidas do Surrealismo, pero que asombrosamente, enfronta co máis puro realismo suxerindo unha contraposición de valores que utiliza sabiamente para lograr graza e transcendido realismo, pero sobre todo dunha potencia expresiva maxistral.